



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

REGULAMENTO DE RÉXIME DISCIPLINARIO DEPORTIVO

REGULAMENTO DE RÉXIME DISCIPLINARIO DEPORTIVO

CAPITULO I .-

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.- O presente regulamento ten por obxecto o desenvolvemento da normativa disciplinaria establecida con carácter xeral no Título VII da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, así como no Título VIII dos estatutos da Federación Galega de Atletismo.

Artigo 2º.- O ámbito de disciplina deportiva na Federación Galega de Atletismo esténdese ás infraccións das regras de competicións e das normas xerais deportivas tipificadas na Lei 3/2012 do deporte de Galicia. Ademais serán de aplicación con carácter supletorio as disposicións da I.A.A.F e os estatutos, regulamentos e normas para o seu desenvolvemento da R.F.E.A.

O disposto neste regulamento resulta de aplicación xeral nas actividades e competicións de ámbito autonómico e afecta ás persoas físicas e xurídicas que participen nelas.

Artigo 3º.- O réxime disciplinario deportivo é independente da responsabilidade civil ou penal en que poidan incorrer os compoñentes da organización deportiva da FGA citados no segundo parágrafo do artigo 2º, responsabilidade que se rexerá pola lexislación que en cada caso corresponda.

A potestade disciplinaria atribúe aos seus lexítimos titulares a facultade de investigar os feitos e impoñer as sancións correspondentes.

Artigo 4º.- Son infraccións ás regras de competición as accións ou omisións que durante o curso da proba ou competición, vulneren, impidan ou perturban o seu normal desenvolvemento.

Son infraccións ás normas xerais deportivas as demais accións ou omisións que sexan contrarias ao disposto nas devanditas normas.

CAPÍTULO II

DO ÁMBITO DE APLICACIÓN

Sección 1.- ÁMBITO DISCIPLINARIO

Artigo 5º.-

1.- A potestade disciplinaria deportiva exercerase pola FGA sobre todas as persoas que formen parte da súa propia estrutura orgánica; sobre os clubs, os seus atletas, técnicos e directivos; sobre os xuíces e, en xeral, sobre todas aquelas persoas e entidades que, atopándose federadas, desenvolvan a actividade deportiva correspondente no ámbito autonómico.

2.- A obrigaón que impón o artigo anterior é esixible, non só polos actos ou omisións propios, senón polos actos daquelas persoas de quen se debe responder.

Sección 2.- POTESTADE DISCIPLINARIA

O exercicio da citada potestade disciplinaria deportiva corresponderá, en primeira instancia, ao Xuíz Único disciplinario ou ao Comité de Disciplina e, en segunda instancia, ao Comité de Apelación cuxa resolución esgota a vía federativa. Contra esta resolución caberá interpor recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Artigo 6º.- 1. O Comité de Disciplina estará constituído por tres membros, de entre os cales se nomeará un presidente. Os tres membros designarao o presidente da FGA.

2. No caso de optarse por un Xuíz Único Disciplinario, este órgano disciplinario unipersoal será designado polo presidente da FGA.

3. O Comité de Apelación estará formado por tres membros de entre os cales se nomeará un presidente. Os membros serán designados polo presidente da FGA.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

CAPÍTULO III

DOS PRINCIPIOS INFORMADORES

Artigo 7º.- PRINCIPIOS DISCIPLINARIOS

1. No exercicio da súa función, os órganos disciplinarios deportivos da FGA, dentro do establecido para a infracción de que se trate e no caso de que para a mesma se sinalen máximos e mínimos aplicables, poderán impor a sanción no grao que estimen máis xusto, a cuxo efecto tomarán en consideración a natureza dos feitos e a concorrencia ou non de circunstancias agravantes ou atenuantes da responsabilidade.

2. Non poderá impoñerse sanción ningunha por accións ou omisións non tipificadas como infracción con anterioridade ao momento de producirse; nin tampouco poderán impoñerse sancións que non estean establecidas por norma anterior á perpetración da infracción.

3. Non poderá impoñerse máis dunha sanción polo mesmo feito, salvo as que este regulamento establece como accesorias e só nos casos en que así o determina.

4. As disposicións disciplinarias teñen efecto retroactivo en canto favorezan ao infractor, aínda que ao publicarse aquelas recaese resolución firme.

Artigo 8º.- PRINCIPIO DE EXECUTIVIDADE INMEDIATA.

As sancións impostas a través do correspondente expediente disciplinario serán inmediatamente executivas sen que as reclamacións e recursos que procedan contra as mesmas paralicen ou suspendan a súa execución, todo iso sen prexuízo das facultades que corresponden aos órganos disciplinarios das distintas instancias a adoptar, a petición de parte, as medidas cautelares que estime oportunas para o aseguramento da resolución que, no seu día, se adopte.

Artigo 9º.- CIRCUNSTANCIAS AGRAVANTES.



Consideraranse circunstancias agravantes da responsabilidade deportiva:

- a) A intencionalidade
- b) A reincidencia. Existirá reincidencia cando o autor teña sido sancionado anteriormente por calquera infracción da mesma natureza, declarada por resolución firme, no termo dun ano.
- c) O prezo
- d) O prexuízo económico ocasionado
- e) O número de persoas afectadas pola infracción

Artigo 10º.- CIRCUNSTANCIAS ATENUANTES

Consideraranse circunstancias atenuantes da responsabilidade disciplinaria deportiva as seguintes:

- a) A de arrepentimento espontáneo, antes de iniciada a actuación do órgano disciplinario.
- b) A de preceder, inmediatamente á infracción, unha provocación suficiente.
- c) A de non ser sancionado con anterioridade no transcurso da súa vida deportiva.

En todo caso, será causa de redución da responsabilidade por parte dos clubs e demais persoas responsables a colaboración na localización de quen cause as condutas prohibidas polo presente regulamento ou na atenuación das condutas violentas, racistas, xenófobas e intolerantes.

Artigo 11º.- VALORACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS MODIFICATIVAS

- 1.** A apreciación de circunstancias atenuantes ou agravantes obrigará á gradación congruente da sanción, aplicada segundo se trate, á natureza moi grave, grave ou leve da falta.
- 2.** De concorrer algunha circunstancia atenuante que o órgano disciplinario apreciase como cualificada, poderá reducirse a sanción aos límites que se prevexan para faltas de menor gravidade á cometida.
- 3.** Con independencia do disposto no apartado anterior, o órgano disciplinario poderá, para a determinación da sanción que resulte aplicable, valorar o resto de circunstancias que concorran na falta, tales como as consecuencias da infracción, a natureza dos feitos ou a concurrencia, no



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

inculcado, de singulares responsabilidades na orde deportiva, aplicando, en virtude de todo iso, as regras contidas no punto 1 deste precepto.

Artigo 12º.- EXTINCIÓN DAS RESPONSABILIDADES

1.- Consideraranse causas de extinción da responsabilidade disciplinaria:

- a) O falecemento do expedientado ou sancionado
- b) A disolución da entidade deportiva
- c) O cumprimento da sanción
- d) A prescrición das infraccións ou das sancións impostas
- e) A perda da condición de deportista ou membro da organización federativa

2. No caso de que, estando en curso o procedemento disciplinario ou sendo sancionados calquera dos suxeitos sometidos ao réxime disciplinario da RFEA, e deixase de pertencer á mesma, producírase a suspensión da responsabilidade disciplinaria e con suspensión do período de infracción e da sanción no seu caso.

3. De producirse a recuperación da condición de pertenza seguírase o procedemento en curso, e reiniciárase o período de cómputo da prescrición.

CAPITULO IV

INFRACCIÓN.

Artigo 13º.- CLASIFICACIÓN.-

Segundo a súa gravidade, as infraccións deportivas clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 14º.- INFRACCIÓNS MOI GRAVES

Consideraranse como infraccións comúns moi graves ás normas da proba ou competición ou ás normas xerais deportivas:

- a) Os abusos de autoridade
- b) As actuacións dirixidas, mediante prezo, intimidación ou simples acordos a predeterminar o resultado dunha proba ou competición ou a provocar a súa suspensión total ou parcial.
- c) As declaracións, comportamentos, actitudes e xestos públicos



ofensivos, agresivos e/ou antideportivos, que revistan unha especial gravidade.

d) As observacións formuladas aos xuíces, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas no exercicio das súas funcións, de maneira que signifiquen unha moi grave incorrección, verbalmente ou por calquera outro dos medios de comunicación actuais.

e) Os comportamentos e actitudes agresivos e antideportivos ou discriminatorios dos atletas, adestradores, técnicos ou responsables dos clubs, cando se dirixan os xuíces a outros atletas, técnicos ou ó público, verbalmente ou por calquera outro dos medios de comunicación actuais.

f) Os quebrantamentos de sancións impostas, aplicándose o mesmo réxime cando se trate de quebrantamento de medidas cautelares.

g) A manipulación ou alteración, persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas das diferentes especialidades atléticas que rexe a FGA cando poidan alterar o resultado da proba.

h) Alterar a seguridade da competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.

i) A non execución ou a desobediencia das resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva ou dos órganos da FGA.

j) A falta reiterada de asistencia non xustificada ás convocatorias das seleccións autonómicas, referida ás competicións, adestramentos e concentracións, ou a negativa da entidade deportiva a facilitar a súa asistencia.

k) A aliñación ou participación indebida, ou suplantación de personalidade, nos termos establecidos nos distintos regulamentos de competición en encontros ou competicións.

l) A participación en competicións non autorizadas pola FGA e á que esta se negase expresamente.

m) O deterioro intencionado, especialmente grave de locais sociais, instalacións deportivas e outros medios materiais. Entenderase que existe deterioración especialmente grave cando o dano ocasionado teña como consecuencia a inutilidade do local, da instalación ou do material para o fin ou uso ao que estaban destinados.

n) A reincidencia na comisión de faltas graves. Enténdese que hai reincidencia na comisión cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións graves no período dun ano.

Artigo 15º.- .- INFRACCIÓNS MOI GRAVES DO/A PRESIDENTE/A E DEMÁS MEMBROS DIRECTIVOS



Ademais das infraccións comúns de carácter moi grave establecidos no artigo anterior, son tamén infraccións moi graves do presidente da FGA e demais membros directivos da súa organización deportiva, as seguintes:

- a) O incumprimento de acordos da Asemblea Xeral, así como dos regulamentos e demais disposicións estatutarias que revistan gravidade e teñan especial transcendencia.
- b) A non convocatoria nos prazos e condicións legais de forma sistemática e reiterada dos órganos colexiados federativos.
- c) A incorrecta utilización dos fondos privados ou das subvencións, créditos ou avais e demais axudas do Estado, dos seus organismos autónomos ou doutro xeito concedidos.

A estes efectos, a incorrecta utilización dos fondos públicos apreciarase de acordo cos criterios que para o uso de axudas e subvencións públicas se contén na lexislación específica do Estado.

En canto aos fondos privados, estarase ao carácter negligente ou doloso das condutas.

- a) O compromiso de gastos de carácter plurianual do orzamento da FGA sen a regulamentaria autorización.
- b) A organización de actividades ou competicións deportivas de carácter autonómico, nacional e internacional sen a regulamentaria autorización.

Artigo 16º.- INFRACCIÓNS GRAVES

Terán a consideración de infraccións graves:

- a) O incumprimento reiterado de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes.
- b) A falta de asistencia non xustificada ás convocatorias das seleccións autonómicas, referida ás competicións, adestramentos e concentracións.
- c) Os actos notorios e públicos graves que atenten contra a dignidade e decoro deportivos e non sexan susceptibles de ser considerados moi graves.
- d) A non convocatoria nos prazos e condicións legais dos órganos colexiados deportivos.
- e) O exercicio de actividades públicas ou privadas declaradas



incompatibles coa actividade ou función deportiva desempeñada.

f) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, da vestimenta, uniformidade, ou equipamento deportivo oficial en contra das regras que o regulan.

g) A deterioración intencionada de locais sociais, instalacións deportivas e outros medios materiais.

h) As observacións formuladas aos xuíces, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas no exercicio das súas funcións, de maneira que signifiquen unha grave incorrección, verbalmente ou por calquera outro dos medios de comunicación actuais.

i) A incorrección grave co público, compañeiros ou subordinados.

j) A alteración de datos persoais ou rexistros deportivos.

k) A falta de remisión en prazo ou de forma manifestamente incompleta, sen xusta causa, dos expedientes ou da información requirida polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.

l) Calquera acto que intente interromper o desenvolvemento da competición.

m) A reincidencia na comisión de faltas leves. Enténdese que hai reincidencia na comisión cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións leves no período dun ano.

Artigo 17º.- INFRACCIÓN LEVES

Consideraranse infraccións ás normas deportivas de carácter leve as condutas contrarias a aquelas que non estean incursas nas cualificacións de moi grave ou grave que se fai no presente regulamento. En todo caso, consideraranse faltas leves:

a) As observacións formuladas aos xuíces, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas no exercicio das súas funcións, de maneira que signifiquen unha lixeira incorrección, verbalmente ou por calquera outro dos medios de comunicación actuais.

b) A lixeira incorrección co público, compañeiros ou subordinados.

c) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

d) Calquera acto conducente a retrasar intencionadamente o desenvolvemento da competición.

e) O descoido na conservación e coidado dos locais sociais, instalacións deportivas e outros medios materiais.

f) As condutas que supoñan incumprimento dos regulamentos da FGA que non estean expresamente tipificadas como infraccións moi graves ou graves.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

CAPITULO V

SANCIÓNS

Artigo 18º.- SANCIÓNS PARA INFRACCIÓNS MOI GRAVES

Pola comisión das faltas comúns moi graves imponse as seguintes sancións:

- a) Multa en contía non superior a 1.500 euros..
- b) Perda de puntos ou postos na clasificación, nas competicións en que exista puntuación.
- c) Perda ou descenso de categoría ou división.
- d) Prohibición de acceso aos lugares de desenvolvemento das probas ou competicións, por tempo non superior a cinco anos.
- e) Suspensión ou privación da licenza federativa ou inhabilitación para ocupar cargos na organización deportiva por un prazo de cinco anos.
- f) Inhabilitación por un período de dous a catro anos cando as infraccións sexan cometidas por directivos.
- g) Destitución do cargo, cando as infraccións sexan cometidas polos directivos.
- h) Privación da licenza federativa ou privación da habilitación para ocupar cargos na FGA a perpetuidade. Esta sanción unicamente poderá acordarse, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.

Artigo 19º.- SANCIÓNS POLA COMISION DE INFRACCIÓNS MOI GRAVES DO/A PRESIDENTE/A E DEMÁS MEMBROS DIRECTIVOS

Pola comisión de infraccións moi graves tipificadas no artigo 15º do presente regulamento, imponse as seguintes sancións:

- a) Amoestación pública. Corresponde a imposición desta sanción nos seguintes supostos:
 - 1.- Pola comisión da infracción prevista no apartado a) do artigo 15º, nos supostos que non teñan repercusións importantes.
 - 2.- Pola comisión da infracción prevista no apartado c) do artigo 15º, cando a incorrecta utilización non exceda do 1% do orzamento anual da FGA.



3.- Pola comisión da infracción prevista no apartado b) do artigo 15º, nos supostos en que non teña repercusións importantes.

b) Inhabilitación temporal de dous meses a un ano. Corresponderá a imposición desta sanción nos supostos seguintes:

1.- Pola comisión da infracción prevista no apartado a) do artigo 15º, cando o incumprimento se produza en supostos manifestamente graves, previo requirimento formal ao efecto, realizado polo órgano disciplinario deportivo competente.

2.- Pola comisión da infracción prevista no apartado b) do artigo 15º

3.- Pola comisión da infracción prevista no apartado c) do artigo 15º, ben cando a incorrecta utilización exceda do 1% do total do orzamento anual da FGA., ben cando concorra a agravante de reincidencia.

4.- Pola comisión da infracción prevista no apartado d) do artigo 15º.

5.- Pola comisión da infracción prevista no apartado e) do artigo 15º, cando concorra a agravante de reincidencia.

c) Destitución do cargo. Corresponderá a imposición desta sanción nos supostos seguintes:

1.- Pola comisión da infracción prevista no apartado a) do artigo 15º, nos supostos moi graves ou en que concorra a agravante de reincidencia referida, neste caso, a unha mesma tempada.

2.- Pola comisión da infracción prevista no apartado c) do artigo 15º, cando a incorrecta utilización exceda do 1% do total do orzamento anual da FGA e, ademais, se aprecie a agravante de reincidencia.

3.- Pola comisión da infracción prevista no apartado d) do artigo 15º, coa agravante de reincidencia.

Artigo 20º.- SANCIÓN PARA INFRACCIÓNS GRAVES

Pola comisión de faltas graves imponse as seguintes sancións:

- a) Amoestación pública
- b) Multa en contía no superior a 1.000 euros
- c) Perda de puntos ou postos nas clasificacións
- d) Suspensión ou privación da licenza federativa ou



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

inhabilitación para ocupar cargos na organización deportiva por un prazo de un mes a dous anos

Artigo 21º.- SANCIÓN PARA INFRACCIÓNS LEVES. Pola comisión de faltas leves imponse as seguintes sancións:

- a) Apercibimento
- b) Inhabilitación para ocupar cargos ou suspensión de até un mes e privación de até un mes da licenza federativa.

CAPITULO VI

INFRACCIÓNS E SANCIÓN CONCRETAS POR ESTAMENTOS

Artigo 22º.- Ademais das infraccións establecidas nos artigos precedentes, de acordo cos principios e fundamentos xerais contidos na Lei do deporte de Galicia, tipifícanse a continuación as condutas que constitúen infraccións moi graves, graves e leves, en función da especificidade dos distintos estamentos da FGA, así como as sancións correspondentes.

Tanto os estatutos, como os regulamentos e demais normativa validamente aprobada pola FGA aplicaranse subsidiariamente a este regulamento.

Sección 1ª .- Atletas

Artigo 23º.-

1.- Consideraranse infraccións moi graves dos atletas, ademais das recollidas no artigo 14º:

- a) A agresión a xuíces, aos seus auxiliares, aos responsables da competición, as autoridades deportivas, aos directivos ou ao público.
- b) Os actos notorios e públicos que atenten á dignidade ou decoro deportivo, cando revistan especial gravidade.

2.- Estas infraccións serán sancionadas con suspensión ou privación da licenza federativa por un período de tempo de dous a cinco anos.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

3.- Se se causase dano ou lesión que motivase a asistencia facultativa ou existise risco notorio de lesión ou dano especialmente grave para o agredido, a sanción de suspensión ou privación da licenza federativa seralle imposta ao agresor ou agresores no seu grao máximo.

Artigo 24º.-Terán a consideración de infraccións graves, ademais das recollidas no artigo 16º:

- a) As agresións aos técnicos, atletas ou delegados, directivos federativos ou de clubs. Imporase a sanción de suspensión federativa de tres meses a un ano.
- b) O insulto, desacato, as faltas de respecto de obra, manifestadas con actos notorios e públicos que atenten á dignidade ou decoro deportivo, que non constitúan agresión, nin tentativa dela.
- c) Repeler unha agresión inmediatamente despois de producirse a mesma, sempre que a reacción constituía propiamente outra agresión.

Pola comisión das infraccións que recollen os apartados b) e c) deste artigo corresponderá aplicar a sanción de suspensión federativa dun mes até dous anos.

Artigo 25º.- A incitación ou a indución á realización de calquera das infraccións a que se refiren os dous artigos anteriores, consideraranse e sancionarán como autoría, se se producise de forma inmediata previa á perpetración da infracción.

Artigo 26º.- A imposición das sancións previstas nos artigos 23º e 24º deste regulamento terá efecto mesmo cando os xuíces, por non apercibirse da comisión da falta, ou por omisión no cumprimento das súas obrigacións, non aplicasen as propias medidas correctivas previstas para tales infraccións, sempre que a súa realización quede patentizada ante o órgano disciplinario correspondente.

Por outra banda, cando se trate de sancións de suspensión por un determinado tempo, os órganos disciplinarios deportivos ponderarán, ao aplicar os criterios sancionadores, as circunstancias que concorran na falta, tales como as súas consecuencias, a natureza dos feitos ou a concorrencia no inculpado de singulares responsabilidades na orde deportiva.

Artigo 27º.- Cando pola agresión dun atleta se ocasionase outra lesión que lle obrigase a abandonar a competición, tal circunstancia será valorada como agravante.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

Artigo 28º.- As infraccións contra os xuíces e os seus auxiliares, de carácter grave ou moi grave, sancionaranse coa penalidade sinalada ás mesmas, aínda que se cometa fóra da pista, sempre que se produzan a consecuencia da actuación daqueles na competición.

Artigo 29º.- Reputaranse infraccións leves, ademais das recollidas no artigo 17º:

- a) A protesta ostensible ou en forma airada ás decisións dos xuíces, os seus auxiliares, aos responsables da competición e autoridades deportivas, así como calquera xesto ou acto que entrañe simplemente desconsideración a esas persoas, ao público, competidores, material deportivo o da instalación.
- b) A pasividade no cumprimento das ordes ou instrucións dos xuíces, os seus auxiliares e autoridades deportivas.

A reincidencia dentro da mesma competición en calquera das infraccións leves descritas no artigo implicará a aplicación da sanción no seu grao máximo.

Todas as infraccións sinaladas neste artigo serán sancionadas desde apercibimento até suspensión temporal dun mes.

Sección 2ª .-

Artigo 30º .- Técnicos e Directivos

1.- Todos os actos definidos anteriormente como infracción dos atletas serán sancionados con penalidade dobre á sinalada para os mesmos cando sexan cometidas por técnicos e directivos. Os técnicos e directivos que se dirixan aos atletas incitándolles a cometer actos definidos como sancionables neste regulamento, serán sancionados coa mesma penalidade que a sinalada aos atletas por cometelos, aínda cando estes se abstivesen de realizalos.

2.- Cando un técnico ou directivo non poña todos os medios ao seu alcance para evitala ou asenta tácita ou expresamente a unha infracción cualificada como grave, cometida por un atleta do seu club, e non o amoeste ou sancione espontánea e inmediatamente en repudio e desconformidade co seu proceder, incorrerá en infracción de carácter leve, que será sancionada con apercibimento cada vez que tal circunstancia se produza. No caso de que a actitude indiferente



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

ou pasiva se produza en relación a unha infracción considerada como moi grave, a sanción a aplicar será de suspensión ou privación da licenza federativa de un a dous meses e multa accesoria de ata 300 euros ó club.

Sección 3ª.-

Artigo 31º.- Xuíces

1.- Os xuíces que cometan algunha das infraccións que con respecto aos atletas se tipifican neste regulamento, serán sancionados coa penalidade sinalada no mesmo para os atletas, no seu grao máximo.

2.- Incorrerá en infracción grave o xuíz que suspenda unha competición sen causa xustificada e sen esgotar todos os medios ao seu alcance para conseguir o seu total desenvolvemento. A esta infracción corresponderá aplicar a sanción de suspensión da licenza federativa ou inhabilitación por un tempo de un mes a dous anos, e perda total dos dereitos de arbitraje.

En caso de reincidencia incorrerá en infracción moi grave e será sancionado con inhabilitación de un a cinco anos.

3.-. Incorrerá en infracción grave o xuíz que presentándose no lugar da competición para exercer as funcións que lle sexan encomendadas, abandone de maneira inxustificada o exercicio das mesmas. Esta infracción será sancionada con suspensión ou privación da súa licenza federativa de un mes a un ano.

En caso de reincidencia, incorrerá en infracción moi grave e será sancionado con inhabilitación de un a cinco anos.

4.- Terá a consideración de infracción grave calquera desempeño das funcións do xuíz de mala fe, ou con animadversión ou falta de imparcialidade manifesta contra un atleta ou entidade, que pretendan un prexuízo deportivo.

5.- O xuíz árbitro que, con notoria falta de dilixencia, redacte as actas describindo as incidencias de maneira equívoca e omitindo nelas feitos, datos ou aclaracións esenciais para o posterior axuizamento e cualificación polos órganos disciplinarios, será sancionado por tempo de dous a catro meses de suspensión.

Se, intervindo malicia, o xuíz árbitro non redactase fielmente as actas, falsease o seu contido, en todo ou en parte, desvirtuase ou omitise feitos ou condutas,



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

ou faltase a verdade ou confundise uns ou outras, será sancionado con suspensión de tres a doce meses de suspensión.

6.- O xuíz con licenza FGA que desempeñe labores de xuíz en probas ou competicións non oficiais, isto é, non incluídas no calendario oficial da FGA, ou autorizadas pola mesma ou nas que colabore a FGA, incorrerá en infracción grave e será sancionado con suspensión ou privación de licenza de un mes a dous anos.

O xuíz que incorra na conduta tipificada no parágrafo anterior portando algunha peza da vestimenta oficial de xuíz da FGA, ou con atribución da condición de xuíz da FGA, incorrerá en infracción moi grave e será sancionado con suspensión ou privación de licenza de dous anos a cinco anos.

Sección 4ª .-

Artigo 32º.- Clubs.

1.- O club que presente en competición a un atleta en forma indebida porque non reúna os requisitos de participación establecidos nas normas e regulamentos xerais dos campionatos de clubs, incorrerá en infracción moi grave de aliñación ou participación indebida e o club será sancionado coa perda dun número de puntos equivalente ao dobre dos que obtivese o devandito atleta se se clasificou en primeiro lugar na proba aliñado indebidamente, sexa individual ou de substitucións.

Apreciarase circunstancia agravante nos casos en que a aliñación indebida fose realizada a propósito desta irregular situación, en cuxo suposto a sanción que se imporá ao club consistirá na perda dun número de puntos equivalente ao quíntuplo dos que obtivese o devandito atleta se se clasificou en primeiro lugar na proba aliñado indebidamente, sexa individual ou de relevos.

2- No caso de que se produza unha incomparecencia inxustificada e tendo en conta que esa acción afecta tanto ás regras da competición, como ás regras xerais sobre conduta deportiva, o club incomparecido incorrerá en infracción moi grave e será penalizado outorgándosele cero puntos na competición correspondente.

3.- A retirada dun club da pista antes de que termine a competición en que participe será considerada unha infracción moi grave e, con independencia das



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

sancións que aos seus compoñentes puidesen corresponder, será sancionada con perda dos puntos correspondentes a ese encontro.

4.- Cometerá infracción grave aquel club que inscriba en calquera proba de calendario FGA, de maneira consciente e intencionada a un atleta que non está ao corrente de todos os trámites administrativos esixidos para a validación da súa licenza. No caso de que este feito ocasione un prexuízo económico ao resto de participantes considerarase falta moi grave.

5.- Considerarase falta moi grave a inclusión consciente e intencionada dun club, durante a tramitación das licenzas dos seus atletas, de datos que non reflectan a realidade dos mesmos.

CAPÍTULO VII

DISPOSICIÓN XERAIS PARA A DETERMINACIÓN E IMPOSICIÓN DE SANCIÓN

Artigo 33º

1.- A potestade disciplinaria atribúe aos seus lexítimos titulares a facultade de investigar os feitos e de impoñer, no seu caso, a quen resulte responsable, as sancións que correspondan.

2.- Unicamente poderán imporse sancións persoais consistentes en multa nos casos en que os atletas, técnicos, xuíces ou directivos perciban retribución da súa función. A contía da retribución deberá ser tida en conta á hora de establecer a da sanción.

3.- Para unha mesma infracción poderán imporse multas de modo simultáneo a outra sanción de distinta natureza, sempre que estean previstas para a categoría de infracción de que se trate e que, no seu conxunto, resulten congruentes coa gravidade da mesma.

4.- A falta de pagamento das sancións pecuniarias terá a consideración de quebrantamento de sanción.

Artigo 34º.- Con independencia das sancións que poidan corresponder, os órganos disciplinarios da FGA terán a facultade de revisar e, se procede, modificar os resultados de encontros, probas ou competicións por causa de predeterminación mediante prezo, intimidación ou simples acordos do resultado da proba ou competición, aliñación indebida e, en xeral, en todos aqueles casos en que irregularmente se alteren ou condicionen os resultados.

CAPÍTULO VIII

PRESCRICIÓN E SUSPENSIÓN

Artigo 35º.-

1.- As infraccións moi graves prescriben ao tres anos e as graves ao ano. As infraccións leves prescriben ao mes.

O prazo de prescripción interromperase pola iniciación do procedemento disciplinario, pero se este permanecese paralizado durante un mes, por causa non imputable á persoa ou entidade suxeita ao devandito procedemento,

volverá a correr o prazo correspondente, interrompéndose de novo a prescrición ao renovarse a tramitación do expediente.

2.- As sancións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo se trate das que corresponden a infraccións moi graves, graves ou leves, comezando a contar o prazo de prescrición desde o día seguinte a aquel en que adquire firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción ou desde que se quebrantase o seu cumprimento, se este comezase.

3.- A petición fundada e expresa da persoa ou entidade suxeita ao procedemento, o Comité de Apelación da FGA poderá suspender razoadamente a execución das sancións impostas mediante o procedemento ordinario, sen que a mera interposición de reclamacións ou recursos que contra as mesmas corresponden, paralicen ou suspendan a execución das sancións.

En todo caso, para o outorgamento da suspensión da executividade dos actos recorridos o órgano disciplinario deportivo da FGA valorará se o cumprimento da sanción pode producir prexuízos de difícil ou imposible reparación.

CAPÍTULO IX

PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO

Sección 1ª .- Regras comúns aos procedementos

Artigo 36º.-

1.- A imposición das sancións pola comisión das infraccións previstas neste regulamento axustarase aos procedementos que se contemplan na Lei 3/2012 do deporte de Galicia. No non previsto na devandita lei, serán de aplicación supletoria as normas contidas na lexislación de Procedemento Administrativo Común.

2.- Os procedementos disciplinarios respectarán a presunción de inexistencia de responsabilidade disciplinaria mentres non se demostre o contrario.

3.- As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, salvo que o órgano encargado de coñecer do recurso contra elas acorde a suspensión.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

Artigo 37º.- Iniciación

1.- O procedemento disciplinario iníciase:

- a) Por providencia do órgano disciplinario competente para a súa resolución, de oficio ou a solicitude de parte interesada.
A incoación de oficio poderase producir por iniciativa propia ou en virtude de denuncia motivada.
- b) Para ese efecto, ao ter coñecemento dunha suposta infracción das normas deportivas, o órgano disciplinario poderá acordar a instrución dunha información reservada antes de ditar a providencia en que se decida a incoación do expediente ou, no seu caso, o arquivo das actuacións.
- c) O órgano disciplinario poderá actuar sobre as incidencias da competición que se reflectiron nas actas e os seus anexos emitidos polo Xuíz Árbitro ou Xurado de Apelación, ou nos eventuais informes complementarios elaborados polas persoas implicadas, ou ben á vista dos informes que lle remitan os delegados federativos.

No caso de que os feitos que poidan dar lugar a unha sanción estean reflectidos nun anexo, o procedemento iníciase no momento en que teña entrada na FGA o anexo ou documento no que queden reflectidos o feitos obxecto de axuizamento.

2.- Os procedementos tramítaranse con arranxo aos prazos que o presente capítulo establece, aínda que, concorrendo circunstancias excepcionais no curso da súa instrución, poderá acordar a ampliación daqueles ata un máximo de tempo que non pase a metade, corrixida por exceso.

Artigo 38º Obriga de resolver.-

O órgano disciplinario, no prazo non superior a un mes, deberá admitir a trámite ou rexeitar expresamente as peticións ou reclamacións que lle sexan expostas. Transcorrido o devandito prazo estas entenderanse desestimadas.

Artigo 39º Concepto de interesado.

1. Considéranse interesados no procedemento disciplinario:



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

- a) Quen o promova como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo se adopte.
- c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e acúdanse no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva.

2. Nos supostos de aliñación indebida terán a consideración de interesados quen poidan ver os seus intereses lexítimos afectados pola Resolución que puidese recaer, sempre que pertenczan á categoría da competición á que pertence o expedientado.

3.- Cando a condición de interesado derivase dalgunha relación xurídica transmisible, o dereito habiente sucederá en tal condición calquera que sexa o estado do procedemento.

4.- Calquera persoa ou entidade cuxos dereitos ou intereses lexítimos poidan verse afectados pola substanciación dun procedemento disciplinario deportivo, poderán acudir no mesmo. Desde entón e para os efectos de notificacións e de proposición e práctica da proba, esa persoa ou entidade terá a consideración de interesado.

Artigo 40º Trámite de audiencia.

1. Será obrigado e inescusable en todo procedemento o trámite de audiencia aos interesados, outorgándolles o prazo que estableza o órgano disciplinario e nunca superior a dez días hábiles, a fin de que poidan exercer o seu dereito para formular alegacións ou utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico que resulten procedentes.

2. O prazo para reclamar por supostas aliñacións indebidas precluirá ás vinte horas do segundo día hábil seguinte ao da competición de que se trate e, aínda producíndose estas, quedará automaticamente validado o resultado da competición se non se presentaron reclamacións ante o órgano disciplinario dentro do referido prazo.

3. Con independencia das sancións que poidan corresponder, e se non está disposto concretamente outra cousa, o Comité de Disciplina terá a facultade de rectificar o resultado das competicións, previa motivación da súa decisión, sempre que exista unha grave alteración da orde da proba ou competición.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Artigo 41º.- Informe do Xuíz Árbitro

1.- As actas e informes subscritos polos xuíces da proba ou competición, constituirán o medio documental necesario no conxunto da proba das infraccións ás normas e regras deportivas. Igual natureza terán as explicacións ou aclaracións ás mesmas subscritas mediante informes polos propios xuíces, ben de oficio ou a solicitude dos órganos disciplinarios deportivos competentes. As ditas actas e informes estarán dotados da presunción de veracidade e certeza, salvo proba en contrario.

2.- Iso no entanto, os feitos relevantes do procedemento e a súa resolución poderán acreditarse por calquera medio de proba, a cuxo fin poderán os interesados propor que se practique calquera proba ou achegar directamente cantas sexan de interese para a correcta resolución do expediente.

3.- Na apreciación das infraccións referentes ás regras das probas, as decisións do xuíz sobre os feitos relacionados coa competición son definitivas presumíndose certas, salvo error material manifesto.

Artigo 42º.- Medidas provisionais

1.- Os órganos disciplinarios deportivos competentes, de oficio ou a instancia de instrutor do expediente, deberán comunicar ao Ministerio Fiscal aquelas infraccións que puidesen revestir caracteres de delito ou falta penal. En tal caso, os devanditos órganos poderán acordar indistintamente a suspensión ou a continuación do procedemento, segundo as circunstancias concorrentes, ata que recaia a correspondente resolución xudicial.

No caso de que se acordase a suspensión do procedemento, poderán adoptarse medidas provisionais, mediante providencia notificada a todas as partes interesadas.

2.- Iniciado o procedemento e con suxeición ao principio de proporcionalidade, o órgano competente para a súa incoación poderá adoptar as medidas provisionais que estime oportunas para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer. A adopción de medidas provisionais poderá producirse en calquera momento do procedemento, ben de oficio, ben por moción razoada do instrutor. O acordo de adopción deberá ser debidamente motivado.

3.- Non se poderán ditar medidas provisionais que poidan causar prexuízos irreparables.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Artigo 42º.- Acumulación de Expedientes

1. O órgano disciplinario poderá, de oficio ou a solicitude do interesado, acordar a acumulación de expedientes cando se produzan as circunstancias de identidade ou analoxía razoable e suficiente, de carácter subxectivo ou obxectivo, que fixesen aconsellable a tramitación e resolución únicas.

2. O acordo de acumulación será comunicado aos interesados no procedemento, ben mediante Providencia, ben facéndose constar como antecedente da Resolución que dite.

Sección 2ª .- Procedemento abreviado

Artigo 43º.- Este procedemento abreviado, aplicable para a imposición de sancións por infracción das regras da proba ou competición, asegura o normal desenvolvemento da mesma, así como o trámite de audiencia aos interesados, o dereito a recurso, e a rápida homologación de resultados.

Son infraccións ás regras da competición as accións ou omisións que durante o curso do xogo ou competición vulneren, impidan ou perturben o seu normal desenvolvemento, por inobservancia nos regulamentos oficiais que regulan os distintos campionatos e competicións organizados baixo a tutela da Federación Galega de Atletismo.

Artigo 44.- Iniciación

1.- O procedemento iniciárase por acordo do órgano disciplinario, de oficio ou a solicitude de parte interesada. A incoación de oficio poderase producir por iniciativa do propio órgano ou en virtude de denuncia motivada.

2.- O acordo que inicie o expediente disciplinario conterá a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables.
Este acordo deberá serlle notificado á persoa interesada.

Artigo 45.- Tramitación.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

a) Durante a tramitación do procedemento, o órgano disciplinario poderá acordar en resolución motivada as medidas que estime oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.

b) O acordo de iniciación notificarase ás persoas interesadas e concederáselles un prazo non superior a de dez días para contestar os feitos e propoñer a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.

c) Practicaranse de oficio ou admitiranse, a proposta da persoa interesada, cantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Soamente poderán declararse improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable. Os interesados serán informados con suficiente antelación do lugar e momento da práctica das probas.

Sección 3ª .- Procedemento ordinario

Artigo 46. Procedemento ordinario

As regras ás que se debe someter o procedemento ordinario son as seguintes:

1. Iniciación:

a) O procedemento iniciárase por acordo do órgano competente, de oficio ou a instancia da persoa interesada.

b) O acordo que inicie o procedemento conterá a identidade do instrutor, se é o caso do secretario, do órgano competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia, o prego de cargos que conterá a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou das persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Este acordo deberáselle notificar á persoa interesada.

Serán aplicables ao instrutor e, no seu caso, ao secretario as causas de abstención e recusación establecidas na lexislación do Procedemento Administrativo Común.

2. Tramitación:

a) Durante a tramitación do procedemento, o órgano competente para incoalo, de oficio ou por instancia do instrutor, poderá acordar en resolución motivada as medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.

b) O acordo de iniciación notificaráselles ás persoas interesadas e



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

concederáselles un prazo non superior a dez días hábiles para contestar os feitos e propoñer a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.

c) Practicaranse de oficio ou admitiranse por proposta da persoa interesada cantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Só se poderán declarar improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.

d) Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instrutor redactará a proposta de resolución ben apreciando a existencia dalgunha infracción imputable –e neste caso conterá necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constitúan e as disposicións que as tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente responsables e as sancións que procede impoñer– ou ben propoñendo a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobresemento con arquivo das actuacións.

A proposta de resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días hábiles para formular alegacións e presentar os documentos que consideren pertinentes.

3. Resolución:

a) Recibidas polo instrutor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, remitiralle o expediente ao órgano competente para resolver.

b) A resolución do órgano competente pon fin ao procedemento ordinario e ditarase no prazo máximo de dez días hábiles.

Sección 4ª .- Das Resolucións

Artigo 47º.- Recibidas polo órgano disciplinario as alegacións ou transcorrido o prazo concedido, ditarase resolución.

Artigo 48º.- A resolución do órgano disciplinario competente porá fin ao expediente disciplinario. A dita resolución deberá ditarse no prazo máximo de un mes dende a incoación.

Artigo 49º.- Notificacións

1.- Toda providencia ou resolución será notificada aos interesados- acudidos a quen comparezan no procedemento e sexan considerados como interesados



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

lexítimos, no prazo máis breve posible, co límite máximo de dez días hábiles, a partir da data en que o acto fose ditado.

2.- As notificacións deberán conter o texto íntegro do acordo adoptado polo órgano disciplinario, así como a expresión dos membros do mesmo que o adoptaron. As notificacións practicaranse por calquera medio de acordo coa lexislación de procedemento administrativo común, incluídos os medios electrónicos, informáticos e telemáticos sempre que quede garantida a autenticidade, integridade, conservación e recepción polo interesado da notificación remitida por estes medios.

3.- As notificacións aos atletas, técnicos, delegados e directivos poderán realizarse no club ó que pertencen en cada momento. Esta notificación será válida para todos os efectos.

4.- As notificacións deberán conter o texto íntegro da resolución coa indicación de se é ou non definitiva, a expresión dos recursos que procedan, órgano e prazo ante quen presentalos.

5.- En caso de imposición de sancións en materia de disciplina deportiva, a adscrición á federación implica a aceptación e libre asunción por parte de todos os suxeitos á disciplina deportiva, do feito de que as sancións serán obxecto da debida publicidade, respectando en todo caso o disposto na normativa de protección de datos.

Sección 4ª.- Recursos

Artigo 50º.-

1.- As resolucións do Xuíz Único Disciplinario ou do Comité de Disciplina poderán ser recorridas no prazo de dez días hábiles ante o Comité de Apelación da FGA.

2.- As resolucións disciplinarias ditadas polo Comité de Apelación da FGA, en materia de disciplina deportiva esgotan a vía federativa e poderán ser recorridas, no prazo dun mes, ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

3.- As resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva executaranse, no seu caso, a través da FGA, que será responsable do seu estrito e efectivo cumprimento.

Artigo 51º.- Cómputo de prazos.-



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

1.-Para formular recursos o prazo contarase a partir do día seguinte da notificación da resolución ou providencia, se estas fosen expresas.

2.-Se non o fosen, poderán ser recorridas en calquera momento a partir do día seguinte ao que deban entenderse desestimadas as peticións, reclamacións ou recursos.

Artigo 52º.- Os escritos en que se formalicen reclamacións ou recursos, sen prexuízo do mínimo de liberdade de forma, deberán conter:

- a) O nome e apelidos da persoa física ou/e a denominación social da entidade deportiva interesada, con expresión, neste último caso, do nome e apelidos dos seus representantes.
- b) As alegacións que se estimen pertinentes, así como as propostas de proba (só nos casos das reclamacións) que se pretendan en relación con aquelas e os razoamentos e normativa en que se baseen ou fundamenten as súas pretensións.
- c) As pretensións que se deduzan de tales alegacións, razoamentos e normativa.
- d) Non se admitirán escritos que conteñan expresións inxuriosas ou vexatorias para os membros da Federación ou terceiros.

Artigo 53º.- A resolución dun recurso confirmará, modificará ou revogará a decisión recorrida, sen que en caso de modificación poida derivarse maior prexuízo para o interesado, cando este sexa o único recorrente.

Se o órgano disciplinario deportivo competente para resolver estimase a existencia de vicio formal, poderá ordenar a retroacción do procedemento até o momento en que se produciu a irregularidade, con indicación expresa da fórmula para resolvela.

Artigo 54º.- A resolución expresa dos recursos deberá producirse nun prazo non superior a un mes. En todo caso, e sen que iso supoña a exención do deber de ditar resolución expresa, transcorrido un mes sen que se dite e notifique a resolución do recurso interposto, entenderase que foi desestimado, momento en que quedará expedita a vía procedente.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.- Quedan derogadas e sen valor ningún cantas disposicións regulamentarias ou de calquera tipo se opoñan ao disposto no presente regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL.- O presente regulamento de Réxime Disciplinario da FGA entrará en vigor tras a súa aprobación pola Comisión Delegada da FGA.

DILIXENCIA.- Faise constar que o presente regulamento foi aprobado pola Comisión Delegada da Asemblea Xeral da Federación Galega de Atletismo na súa reunión o 21 de xaneiro de 2019.

ANEXO I AO REGULAMENTO DE RÉXIME DISCIPLINARIO DA FGA

RÉXIME DISCIPLINARIO ESPECÍFICO DE INFRACCIÓNS RELACIONADAS CO INCUMPRIMENTO DO PROTOCOLO DE ATLETISMO

A crise desencadeada a raíz da irrupción no noso país da COVID-19 e a responsabilidade que asume a Federación Galega de Atletismo no desenvolvemento dalgunhas das funcións públicas delegadas, contempladas na Lei do Deporte 3/2012 do Deporte de Galicia (artigo 56.4. b e c) de *"Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas"* así como *"Expedir licenzas deportivas para a práctica da súa modalidade deportiva nos termos establecidos na presente lei"*, incluída a autorización que debe conceder a FGA para a organización de competicións atléticas na Comunidade Autónoma de Galicia, esixe o cumprimento estrito por parte de todos os estamentos do Protocolo de atletismo aprobado pola Xunta de Galicia e adaptado ao correspondente "FISICOVID-DXTGALEGO" co obxecto de reducir os riscos de contaxio á mínima expresión.

Por iso, sen prexuízo de que o vixente Regulamento Disciplinario da FGA xa contempla, como infracción moi grave, a consistente en alterar a seguridade da competición ou poñer en perigo a seguridade das persoas, resulta pertinente modificar o Regulamento a través da incorporación dun anexo específico que conteña un catálogo de infraccións de distinta gravidade relacionadas cos posibles incumprimentos do protocolo, que serán, no seu caso, sancionados polos órganos disciplinarios federativos a través dos procedementos previstos no Regulamento Disciplinario, sen prexuízo de calquera outra actuación non estritamente disciplinaria, como a cancelación da competición, que poida adoptar a Comisión COVID19 no plano organizativo-competicional.

Na súa virtude, tipifícanse as seguintes infraccións disciplinarias específicas relacionadas co incumprimento do Protocolo de Atletismo para a prevención do COVID-19:

PRIMEIRO.- Infraccións específicas moi graves

Son infraccións moi graves, sancionables conforme ao artigo 18 do Regulamento Disciplinario, as seguintes condutas:

Atletas	• Achegar datos falsos na declaración responsable do participante. • Achegar datos falsos no cuestionario de saúde do participante. • Participar nunha competición co coñecemento fidedigno do padecemento da enfermidade da COVID19 e a súa sintomatoloxía propia. • Non poñer a máscara nas situacións contempladas, unha vez que a autoridade competente advertise ao atleta sobre a dita obriga. • Non respectar a separación de seguridade física de 1,5 metros, unha vez que a autoridade competente advirta ao atleta sobre a dita obriga, agás as situacións contempladas. • Non advertir aos servizos sanitarios da competición que posúe síntomas que poidan representar un posible contaxio da enfermidade. • Non seguir as indicacións establecidas pola autoridade competente presente na competición e que poña en risco posibles contaxios ás persoas presentes na competición.
Adestradores/as	• Achegar datos falsos na declaración responsable previa da competición. • Asistir a unha competición á vez que se padece na actualidade a enfermidade da COVID19. • Non poñer a máscara nas situacións contempladas, unha vez que a autoridade competente advertise ao adestrador/a sobre a dita obriga. • Non respectar a separación de seguridade física de 1,5 metros, unha vez que a autoridade competente advirta ao adestrador/a sobre a dita obriga. • Non advertir aos servizos sanitarios da competición que posúe síntomas que poidan representar un posible contaxio da enfermidade. • Non seguir as indicacións establecidas pola autoridade competente presente na competición e que poña en risco posibles contaxios ás persoas presentes na competición.
Xuíces/zas	• Achegar datos falsos na declaración responsable do/ da xuíz/a. • Formar parte do Xurado de Competición á vez que se padece na actualidade a enfermidade da COVID19. • Non poñer a máscara nas situacións contempladas, unha vez que a autoridade competente advertise ao xuíz/a sobre a dita obriga. • Non respectar a separación de seguridade física de 1,5 metros, unha vez que a autoridade competente advirta ao xuíz/a sobre a dita obriga. • Non advertir aos servizos sanitarios da competición que posúe síntomas que poidan representar un posible contaxio da enfermidade. • Non seguir as indicacións establecidas pola autoridade competente presente na competición e que poña en risco posibles contaxios ás persoas presentes na competición.
Directivos	• Achegar datos falsos na declaración responsable previa da competición. • Asistir a unha competición á vez que se padece na actualidade a enfermidade da COVID19. • Non poñer a máscara nas situacións contempladas, unha vez que a autoridade competente advertise ao directivo sobre a dita obriga. • Non respectar a separación de seguridade física de 1,5 metros, unha vez que a autoridade competente advirta ao directivo sobre a dita obriga. • Non advertir aos servizos sanitarios da competición que posúe síntomas que poidan representar un posible contaxio da enfermidade. • Non seguir as indicacións establecidas pola autoridade competente presente na competición e que poñan en risco posibles contaxios ás persoas presentes na competición.
Organizadores	• Achegar datos falsos como organizador na declaración responsable previa da competición. • Asistir a unha competición á vez que se padece na actualidade a enfermidade da COVID19. • Non poñer a máscara nas situacións contempladas, unha vez que a autoridade competente advirta ao atleta sobre a dita obriga. • Non respectar a separación de seguridade física de 1,5 metros, unha vez que a autoridade competente advirta ao atleta sobre a dita obriga. • Non advertir aos servizos sanitarios da competición que posúe síntomas que poidan representar un posible contaxio da enfermidade. • Non aplicar a Guía de Actuación e Protección para cada competición. • Non seguir as indicacións establecidas pola autoridade competente presente na competición e que poñan en risco posibles contaxios ás persoas presentes na competición.

SEGUNDA.- infraccións específicas graves

Son infraccións graves, sancionables conforme ao artigo 20 do Regulamento Disciplinario, as seguintes condutas:

Atletas	• Non poñer a máscara nas situacións contempladas. • Non respectar a separación de seguridade física de 1,5 metros, agás as situacións contempladas. • Non seguir as indicacións establecidas pola autoridade competente presente na competición.
Adestrador/a	• Non poñer a máscara nas situacións contempladas. • Non respectar a separación de seguridade física de 1,5 metros, agás as situacións contempladas. • Non seguir as indicacións establecidas pola autoridade competente presente na competición.
Xuíces/as	• Non poñer a máscara nas situacións contempladas. • Non respectar a separación de seguridade física de 1,5 metros, agás nas situacións contempladas. • Non seguir as indicacións establecidas pola autoridade competente presente na competición.
Directivos	• Non poñer a máscara nas situacións contempladas. • Non respectar a separación de seguridade física de 1,5 metros, agás as situacións contempladas. • Non seguir as indicacións establecidas pola autoridade competente presente na competición. • Non cumprir o protocolo establecido para o acto de premiacións.
Organizadores	• Non recoller na Guía de Actuación e Protección para cada competición as indicacións establecidas pola Comisión da FGA COVID19. • Non aplicar en todos os seus apartados as medidas establecidas na Guía de Actuación e Protección para cada competición. • Non seguir as indicacións indicadas pola autoridade competente presente na competición e que supoña unha mala imaxe ante a opinión pública.

TERCEIRA.- infraccións específicas leves

Son infraccións leves, sancionables conforme ao artigo 21 do Regulamento Disciplinario, calquera outro incumprimento do protocolo no tipificados como infraccións específicas moi graves ou graves nos apartados anteriores.